



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. M^a. Del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López
D^a. Iria Castro Fernández

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e sete de setembro de dous mil vinte e catro**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores deputados don Miguel Fernández Méndez, don Daniel García Fernández e don Iván Castro Díaz.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	1/58



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de setembro de dous mil vinte e catro que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SEMIRREMOLQUE NOVO, TIPO GÓNDOLA (ASFALTERA) PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera), para o Parque Móbil Provincial, expediente 2024/CON_02/000061, consta no mesmo:

- 1.- Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7UZSTTABVMZKXKWR6FN5ZRC¹.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7UZSQ6DFJ257J24MQRAJRRMI.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7U23PCFBNMXL745UYUIRCBAL.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7U23P4N7VOKTVJ2T4NIU2UOQ.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7U23PTZPUDJWMN6NHBAETP54.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente.


Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación da subministración dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera), para o Parque Móbil Provincial, expediente 2024/CON_02/000061.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	2/58





necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 63.000,00 euros aos que se engadirán 13.230,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 76.230,00 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DE TRES TURISMOS BERLINAS HÍBRIDOS ENCHUFABLES PARA O PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de setembro de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*

- 1.- Proposta de inicio e memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo, con CSV: IV7UUP77J5FIZOVL2NMD0JB74Y².
- 2.- Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa do Servizo de Arquitectura, con CSV: IV7UUP77CBHM3FHM4TVQAZBGIA.
- 3.- Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7UWTBSDL747WVJSJQG4RK66E.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7UW2D6ZN5I5L6D3Q7FIX2U5Y.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7UW2D4AHV2JJBC43XS44RGIM.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7UWYH63QUNTWM22EFQK3ZBGU.

² Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	3/58



7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7UW6AL35GY370J7Q5QN5QB6Q.

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 22 de marzo de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7UWKZSZY5Z5CN6CF44L5YQBY.

9.- Anuncio de licitación e anuncio de pregos, publicados o 24 de xullo de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público.

10.- Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 09 de agosto de 2024, con CSV: IV7US2C7GEXMJVNZQBEU55DPKI, na que se recolle o seguinte:

“Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan as súas propostas dentro do prazo outorgado a tales efectos e resultando que a documentación presentada axústase aos requisitos recollidos no PCAP, a Mesa de contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación, procedendo acto seguido a apertura do Anexo II e á valoración dos criterios avaliáveis automaticamente, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación avaliáveis automaticamente

Criterios de adxudicación avaliáveis mediante fórmulas	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Oferta económica (prezo)	65
Prazo de entrega	30
Prezo de recollida do/s vehículo/s usado/s	5
Total	100


Lote 1: Un turismo berlina híbrido enchufable 4x4, coa retirada do vehículo usado Citroen C5, con matrícula 9713- GSC.

Empresa Licitadora	Oferta económica	Ficha das características técnicas dos vehículos	Prazo de entrega	Prezode recollida do/s vehículo/s usado/s
Autogomas, S.A.U	65.359,23 euros, aos que haberá que engadir 13.640,73 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 78.999,97euros.(*)	Si que a incorpora á oferta.	20 días	1.500 euros
Peumovil, SL	55.383,87euros, aos que haberá que engadir 11.630,61euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 67.014,48 euros.	Si que a incorpora á oferta.	85 días	2.000 euros

Lote 2: Dous turismos berlina híbrido enchufable (PHEV), coa retirada dos vehículos usados VW Touran con matrícula 6884 FMB e Mitshubishi Outlander con matrícula 8031-FSR.

Empresa Licitadora	Oferta económica	Ficha das características técnicas dos vehículos	Prazo de entrega	Prezode recollida do/s vehículo/s usado/s
Autogomas, S.A.U	93.859,80 euros, aos que haberá que engadir 19.541,14 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 113.400,98 euros.(*)	Si que a incorpora á oferta.	20 días	3.000 euros
Peumovil, SL	93.109,38 euros, aos que haberá que engadir 19.552,96 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 112.662,34 euros.	Si que a incorpora á oferta.	85 días	4.000 euros

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	4/58





*Nas ofertas presentadas pola licitadora Autogomas S.A.U., tanto na oferta do lote 1 coma do lote 2, existe un erro no cálculo do IVE (21%), polo que aos efectos da oferta temos en conta como válido o valor da base imponible, resultando que os valores correctos serían os seguintes.

Lote 1: 65.359,23 euros, aos que haberá que engadir 13.725,44 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 79.084,67 euros.

Lote 2: 93.859,80 euros, aos que haberá que engadir 19.710,56 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 113.570,36 euros

Os membros integrantes da Mesa de Contratación acordan remitir os documentos de descrición das características técnicas dos vehículos obxecto da subministración ao Parque Móbil para que informen sobre o cumprimento das características técnicas mínimas esixidas no PPT.”

11.- Informe do Parque Móbil, con CSV: IV7USHH53X6SZ6VC65EGENARKA.

12.- Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 23 de agosto de 2024, con CSV IV7U4PI5HXR3JRN65U5E6LXGEE, na que se recolle o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta do informe do Parque Móbil, con CSV: IV7USHH53X6SZ6VC65EGENARKA, que recolle o seguinte:

“En relación ás ofertas presentadas para o Subministro de tres vehículos para o Parque Móbil, Lotes I e II, infórmase que a oferta presentada pola empresa Peumovil, S.L., non cumpre cos requisitos esixidos no IV7U6322LIF4T2V5QP55NZAQN4 de Prescripcóns técnicas.

En ambos lotes presenta oferta dos vehículos Peugeot 508 SW (Sport wagon o Station Wagon), non tratándose polo tanto dun turismo tipo berlina que se indica no Prego. Enténdese por esta denominación de sport wagon ou station wagon “aquele vehículo motorizado terrestre de uso mixto para pasaxeros y carga adicional, a cuyo efecto dispone en su parte posterior de ventanillas y asientos removibles”. Doutra banda, estos vehículos, denominados tamén familiares, incorporan cinco portas, o que tampoco corresponde ao indicado no Prego, especificando catro portas. Engadir tamén que tal e como indica na documentación presentada pola propia empresa, as características técnicas da berlina non son as mesmas que as do modelo SW ofertado: diferente peso en vacío, peso bruto, velocidade máxima, consumo, emisiones CO2, etc. Considérase por tanto, que dita oferta presenta outro tipo de carrozaría clasificada noutro segmento, que non responde ao concepto de berlina.”

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Excluir a proposta presentada pola empresa Peumovil S.L., por incumplir as especificacións recollidas no prego de prescripcóns técnicas, nos termos recollidos no informe do Parque Móbil con CSV: IV7USHH53X6SZ6VC65EGENARKA.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	5/58



Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>, dentro do prazo de quince días hábiles computados segundo o fixado no artigo 50 da LCSP. O Tribunal ten a súa sede en Lugo e está incluído no ámbito do Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo para as funcións de rexistro que precise .

A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	Autogomas, S.A.U	100

3º.- Requirir á empresa Autogomas S.A.U. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polos importes que se recollen no cadro que se reproduce acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

LOTE	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 % (cláusula 10.3 do PCAP)
Lote 1	65.359,23 euros	3.267,96 euros
Lote 2	93.859,80 euros	4.692,99 euros

(...)”.

13.- Resolución de Presidencia de 02 de setembro de 2024, con CSV IV7U6322LIF4T2V5QP55NZAQN4, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	6/58





14.- Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 03 de setembro de 2024.

15.- Consta no expediente documentación administrativa presentada a través da plataforma de contratación do sector público e completada a través da sede electrónica da Deputación de Lugo.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 24 de setembro de 2024, aos efectos de examinar a aclaración da documentación, infórmase que a licitadora presentou a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 10 de setembro de 2024, completándoa a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 23 de setembro de 2024. Incorpórase ao expediente certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias, expedido pola Recadación Provincial e acreditación de ter depositadas as contas anuais.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Autogomas, S.A.U a contratación do lote 1 e lote 2 da contratación da subministración de tres turismos berlinas híbridos enchufables para o Parque Móbil, expediente 2024/CON_02/000051, atendendo ao seguinte detalle:

Lote1: Un turismo berlina híbrido enchufable 4x4, coa retirada do vehículo usado Citroen C5, con matrícula 9713- GSC.

Importe de adxudicación do lote 1: 65.359,23 euros, aos que haberá que engadir 13.725,44 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 79.084,67 euros.


O adxudicatario comprométese a entregar no prazo de 20 días naturais un turismo berlina híbrido enchufable 4x4, coa retirada do vehículo usado Citroen C5, con matrícula 9713- GSC , aboando por éste 1.500 euros.

Lote 2: Dous turismos berlina híbrido enchufable (PHEV), coa retirada dos vehículos usados VW Touran con matrícula 6884 FMB e Mitshubishi Outlander con matrícula 8031-FSR

Importe de adxudicación do lote 2 : 93.859,80 euros, aos que haberá que engadir 19.710,56 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 113.570,36 euros

O adxudicatario comprométese a entregar dous turismos berlina híbridos enchufables (PHEV), no prazo de 20 días naturais, coa retirada dos vehículos usados

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	7/58



VW Touran con matrícula 6884 FMB e Mitshubishi Outlander con matrícula 8031-FSR, aboando polos vehículos usados 1.000 euros e 2.000 euros respectivamente.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Autogomas, S.A.U a contratación do lote 1 e lote 2 da contratación da subministración de tres turismos berlinas híbridos enchufables para o Parque Móbil, expediente 2024/CON_02/000051, atendendo ao seguinte detalle:

Lote 1: Un turismo berlina híbrido enchufable 4x4, coa retirada do vehículo usado Citroen C5, con matrícula 9713- GSC.

Importe de adxudicación do lote 1: 65.359,23 euros, aos que haberá que engadir 13.725,44 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 79.084,67 euros.

O adxudicatario comprométese a entregar no prazo de 20 días naturais un turismo berlina híbrido enchufable 4x4, coa retirada do vehículo usado Citroen C5, con matrícula 9713- GSC , aboando por éste 1.500 euros.

Lote 2: Dous turismos berlina híbrido enchufable (PHEV), coa retirada dos vehículos usados VW Touran con matrícula 6884 FMB e Mitshubishi Outlander con matrícula 8031-FSR

Importe de adxudicación do lote 2 : 93.859,80 euros, aos que haberá que engadir 19.710,56 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 113.570,36 euros


O adxudicatario comprométese a entregar dous turismos berlina híbridos enchufables (PHEV), no prazo de 20 días naturais, coa retirada dos vehículos usados VW Touran con matrícula 6884 FMB e Mitshubishi Outlander con matrícula 8031-FSR, aboando polos vehículos usados 1.000 euros e 2.000 euros respectivamente.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, que terá lugar unha vez

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	8/58





transcorrido o prazo de quince días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, POL, A FONSGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, MEIRA, CASTROVERDE, NAVIA DE SUARNA E RIBAS DE SIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que entre outros, se conteñen os seguintes extremos:


“Antecedentes.

- 1.- Resolución de Presidencia do 28 de xuño de 2023, con CSV IV703X2OLF6XSFZUAXBH5I6KM: “2º.- Adxudicar á empresa Atende Servicios Integrados, S.L, a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia de Suarna e Ribas de Sil. 2023/CON_02/000033, polo importe de 33.736,40 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 7.084,64 €, o que fai un total de 40.821,04 €; cunha porcentaxe de baixada do 52,31% sobre os prezos unitarios do mantemento preventivo e do 38,60% sobre os prezos unitarios do mantemento correctivo (prezos unitarios no Anexo III do PPT); co compromiso de realizar prácticas de extinción no manexo de extintores e IEs de 25 mm en cada un dos centros.”.
- 2.- Formalización do contrato, con CSV IV70ES3PNUM7JPUKWBXQIIRSOQ, do 29 de xuño de 2023.
- 3.- Proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade de modificación do contrato, do 25 de setembro de 2024, con CSV IV7U23L6NARKRSU765GEJZTCB4.
- 4.- Consignación orzamentaria do 19 de setembro de 2024, con CSV IV7UYPDOFLVOVTMZ2PVVD7ZR4A.
- 5.- Aceptación do modificado polo contratista.

Lexislación aplicable.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	9/58



Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- O PCAP reitor desta licitación prevé, no punto O do Cadro resumo, en relación cos artigos 203 e 204 da LCSP, a modificación seguinte:

“Modificación prevista no PCAP (204 LCSP): SI (cláusula 7 do PPT).

Prevese un 20 % de modificacións ao contrato para as posibles incorporacións de novos equipos, sistemas ou elementos das IPC dos CAMS relacionados no Anexo I, así como a posible incorporación doutros Centros ou ampliación de mantementos correctivos se fose preciso. As operacións de mantemento que se realicen nos posibles centros a incorporar, non incluídos na relación inicial de centros do Anexo I, facturaránse coa mesma periodicidade e cos mesmos prezos unitarios ofertados para os centros iniciais. De igual xeito deducirase do importe total do contrato aquelas operacións de mantemento que non foran realizadas no caso de baixa de calquera dos centros inicialmente relacionados.”

Cúmprese o preceptuado nesta cláusula:

1.- A proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade consiste na incorporación do mantemento das instalacións de protección contra incendios do CAM de Ribadeo nos termos informados polo propio servizo.


2.- Atopámonos dentro do prazo de vixencia do contrato.

3.- A modificación non supón unha alteración do prezo contractual superior ao 20% do prezo inicial do contrato, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

“A modificación do contrato atópase contemplada nos pregos que rexen o mesmo e, a incorporación do mantemento das instalacións de protección contra incendios existentes no CAM de Ribadeo supoñen un importe sen IVE de 2.668,28 € e, polo tanto é inferior ao 20 % do prezo inicial do contrato (6.747,28 €).”

CENTRO INCORPORADO	IMPORTE ADXUDICACIÓN CON IVE.	IMPORTE MODIFICADO CON IVE	VARIACIÓN SOBRE O TOTAL DO CONTRATO
CAM RIBADEO	40.821,04	3.228,62 €	<20%

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	10/58





4.- O motivo da modificación prevista é, segundo consta na proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade: “A Deputación de Lugo, dende a posta en marcha do CAM Ribadeo, non incorporou o mantemento de ningunha das súas instalacións dado que o Concello tiña contratos vixentes para os distintos mantementos. Actualmente e tras realizar visita de comprobación documental no centro de Ribadeo cotéxase que xa non está vixente, entre outros, o contrato de mantemento das instalacións de incendios cunha empresa mantedora. Salientar que o regulamento de Instalacións de Protección Contra incendios (RD 513/2017) sinala como obriga a de dispoñer dun contrato de mantemento cunha empresa mantedora habilitada co obxecto da realización e documentación do mantemento integral sinalado no antedito regulamento.”

5.- Os prezos que se aplicarán serán os establecidos para cada centro, aplicando a rebaixa que ofertara o adxudicatario ao presentar a súa proposición económica. Así, conforme a proposta do Servizo de Benestar Social e Igualdade:

TIPO DE MANTIMENTO	IMPORTE LICITACIÓN Con IVE	IMPORTE ADXUDICACIÓN Con IVE	% BAIXA OFERTADA
PREVENTIVO	45.712,40 €	21.800,24 €	52,31 %
CORRECTIVO	19.440,00 €	11.936,16 €	38,60 %

Polo exposto o prezo a aplicar ao centro integrado (CAM Ribadeo) son os que se amosan na seguinte táboa:

IMPORTES SEN IVE POR ANUALIDADES PARA O CAM RIBADEO INICIO O 01/10/2024 - 30/09/2025																
ANO	MANTEMENTOS															
	TRIMESTRAL			SEMESTRAL			ANUAL		RETIMBRADOS		CORRECTIVOS		TOTAL			
	Ud	Prezo U	Total	Ud	Prezo U	Total	Ud	Prezo U	Total	Ud	Prezo U	Total				
2024	1	96,57 €	96,57 €	1	32,43 €	32,43 €	1	656,93 €	656,93 €	0	12,64	0,00 €	3	55,26	165,78 €	951,71 €
2025	3	96,57 €	289,71 €	1	32,43 €	32,43 €	1	656,93 €	656,93 €	19	12,64	240,16 €	9	55,26	497,34 €	1.716,57 €
SUMA		Total	386,28 €	Total	64,86 €	64,86 €	Total	1.313,86 €	1.313,86 €	Total	240,16 €	240,16 €	Total	663,12 €	663,12 €	2.668,28 €

Segunda.- A cláusula vixésimo cuarta do PCAP, referida á modificación do contrato, recolle o seguinte:

“24.1.Modificación prevista no PCAP (artigo 204 LCSP). Ver o cadro resumo.

En caso de que se prevea unha modificación, deberá tramitarse antes de que se esgote o presuposto máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades. A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

A modificación, en caso de estar prevista no PCAP, cumpridas as circunstancias habilitantes, tramitarse do seguinte xeito:

Incorporarase ao expediente a xustificación da necesidade por parte do responsable do contrato.

Consta conformidade da adxudicataria do 20 de setembro de 2024.

Emitiranse informes polo Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, previos á correspondente resolución do órgano de contratación.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	11/58



A resolución do órgano de contratación será de cumprimento obrigatorio para o contratista.

Publicarase un anuncio da modificación na Plataforma de Contratos do Sector Público no prazo de cinco días desde a aprobación da mesma.

Terceira.- De acordo, co sinalado na cláusula décima do PCAP reitor e o sinalado no artigo 109 da LCSP “Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 109 da LCSP.”

Sendo necesaria, polo tanto, a presentación de garantía polas novas prestacións, no importe do 5% do incremento do prezo como consecuencia da modificación.

Cuarta.- O PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3: “O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública da Deputación Provincial de Lugo, deixando a salvo a aplicación dos artigos 9 e 10 da Lei 40/2015 de RXSP, é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020); nos restantes actos procedimentais o órgano competente será o Sr. Presidente da Deputación Provincial.”, polo que o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.


Conclusión.

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación da modificación efectuada polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, infórmase favorablemente a modificación contractual proposta pola responsable do contrato do Servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia de Suarna e Ribas de Sil, entendendo que procede que, polo órgano de contratación, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Modificar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia de Suarna e Ribas de Sil, 2023/CON_02/000033, adxudicado á empresa Atende Servizos Integrados, S.L., para engadir o mantemento das instalacións de protección contra incendios existentes no CAM de Ribadeo dende o 01/10/2024 ao 30/09/2025, por un importe de:

ANUALIDADES	TOTAL SEN IVE	TOTAL CON IVE
2024	951,71 €	1.151,57 €
2025	1.716,57 €	2.077,05 €
TOTAIS	2.668,28 €	3.228,62 €

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	12/58





2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 10% do prezo da modificación, excluído o IVE (266,83 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servicios -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”.

En base ao que vai dito, unha vez fiscalizado pola Intervención, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación da contratación do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos centros de atención ás persoas maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia De Suarna e Ribas de Sil, 2023/CON_02/000033, adxudicado á empresa Atende Servizos Integrados, S.L., para engadir o mantemento das instalacións de protección contra incendios existentes no CAM de Ribadeo dende o 01/10/2024 ao 30/09/2025, por un importe de:

ANUALIDADES	TOTAL SEN IVE	TOTAL CON IVE
2024	951,71 €	1.151,57 €
2025	1.716,57 €	2.077,05 €
TOTAIS	2.668,28 €	3.228,62 €


Existe consignación na aplicación orzamentaria correspondente do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2025 das cantidades indicadas.

2º.- Aprobar o devandito gasto, financiándose segundo consta no informe da Intervención Xeral.

3º.- A empresa adxudicataria deberá presentar resguardo acreditativo da garantía definitiva, por importe do 10% do prezo da modificación, excluído o IVE (266,83 €), constituído de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	13/58



particulares PCAP, no prazo máximo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato.

4º.- Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos-perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 do LCSP, á formalización en documento administrativo da modificación contractual.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN A ACEPTAR A RENUNCIA E A DECLARAR CONCLUSO O PROCEDIMIENTO DA AXUDA INCLUÍDA NOS INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

1º.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia do Concello de Foz e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do concello de Foz indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R87	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DA CRUZ (VILARONTE) E SANEAMENTO EN CTRA MAÑENTEVILARONTE	2.919,18 €


“*Antecedentes:*

1. Na sesión ordinaria do 28/12/2021 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC22, que foron publicadas no BOP Nº 006 de data 10/01/2022. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 05/04/2022, acordou prestar aprobación ao PUCC22.

Mediante Decreto de data 14/07/2023, con CSV IV7OG6Y2N5WKXC532JUROF2SH4, a Presidencia da Deputación resolve aprobar a solicitude do concello de Foz para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUCC22 do seguinte investimento:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R87	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DA CRUZ (VILARONTE) E SANEAMENTO EN CTRA MAÑENTEVILARONTE	2.919,18 €

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	14/58





2. Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 7 BPUCC22, conséntase que o concello de Foz non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que non consta abono de anticipo para este investimento, por parte da Deputación.

3. As bases 15.1 “Aforros producidos ou baixas” e 17.2 “Conta xustificativa” das BPUCC22, indican como data límite no prazo para xustificar todos os investimentos financiados con cargo ao PUCC22, dous meses contados dende a data de finalización da dita obra/investimento, acotando a data tope no 15/11/2023.

Consideracións xurídicas:

4. Como consecuencia do incumprimento desta obriga por parte do Concello resulta de aplicación a DA cuarta BPUCC22: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

A concorrencia ao PUCC22, determina a aceptación íntegra das BPUCC22 e a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto nos termos das ditas bases.

5. O artigo 84.1 Lei de Procedemento Administrativo Común establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala os efectos da renuncia: “A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia”.

Por tanto consta acreditado que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases. Consta así mesmo que a concorrencia ao PUCC22 determina a aceptación íntegra das BPUCC22. Deste xeito, a consecuencia do incumprimento é considerar que se produce a renuncia á axuda integrada no PUCC22 do Concello de Foz, por aplicación do establecido na DA cuarta das BPUCC22, coñecida previamente polo interesado e publicada no BOP de Lugo e, ademais, non prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

6. A base 18 BPUCC22 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade,

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	15/58



que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno". Polo que o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC22 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC22, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC22 do concello de Foz, estímase que procede considerar que concorre o suposto de renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC, co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1) Que se teña por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa ao investimento incluído no "PUCC22" que se indica no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R87	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DA CRUZ (VILARONTE) E SANEAMENTO EN CTRA MAÑENTEVILARONTE	2.919,18 €

2) Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Foz e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3) Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:


1º.- Ter por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa ao investimento incluído no "PUCC22" que se indica no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R87	LIQUIDACIÓN ACONDICIONAMENTO CAMIÑO DA CRUZ (VILARONTE) E SANEAMENTO EN CTRA MAÑENTEVILARONTE	2.919,18 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Foz e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores."

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	16/58





A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2ª.- *Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia do Concello de Muras e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do concello de Muras indicado a continuación e que dispón o seguinte:

Nº	Denominación	Importe
R	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA DRENAXE NA PARROQUIA DE A Balsa, INCLUIDO HONORARIOS	7.073,39 €
R	SUBMINISTRO DE PEGATINAS PARA CONTENEDORES	1.849,70 €

“*Antecedentes:*

1. Na sesión ordinaria do 28/12/2021 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC22, que foron publicadas no BOP Nº 006 de data 10/01/2022. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 05/04/2022, acordou prestar aprobación ao PUCC22.

Mediante Decreto de data 14/07/2023, con CSV IV70G6YYDQZOTZM74JYBIQDHCE a Presidencia da Deputación resolve aprobar a solicitude do concello de Muras para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUCC22 dos seguintes investimentos:

Nº	Denominación
R	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA DRENAXE NA PARROQUIA DE A Balsa, INCLUIDO HONORARIOS
R	SUBMINISTRO DE PEGATINAS PARA CONTENEDORES


2. Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 7 BPUCC22, conséntase que o concello de Muras non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que non consta abono de anticipo para estes investimentos, por parte da Deputación.

3. As bases 15.1 “Aforros producidos ou baixas” e 17.2 “Conta xustificativa” das BPUCC22, indican como data límite no prazo para xustificar todos os investimentos financiados con cargo ao PUCC22, dous meses contados dende a data de finalización da dita obra/investimento, acotando a data tope no 15/11/2023.

Consideracións xurídicas:

4. Como consecuencia do incumprimento desta obriga por parte do Concello resulta de aplicación a DA cuarta BPUCC22: “Transcorrido o prazo de xustificación

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	17/58



establecido nas bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con data 24/11/2023 e RS 2023RPS016779, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao concello de Muras para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PУCC22.

Na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa dos investimentos de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

A concorrencia ao PУCC22, determina a aceptación integra das BPUCC22, a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto nos termos das Bases.

5. O artigo 84.1 Lei de Procedemento Administrativo Común establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala os efectos da renuncia: “A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.”


Por tanto consta acreditado que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases. Consta así mesmo que a concorrencia ao PУCC22 determina a aceptación integra das BPUCC22. Deste xeito, a consecuencia do incumprimento é considerar que se produce a renuncia á axuda integrada no PУCC22 do concello de Muras, por aplicación do establecido na DA cuarta das BPUCC22, coñecida previamente polo interesado e publicada no BOP de Lugo e, ademais, non prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

6. A base 18 BPUCC22 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PУCC22 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC22, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PУCC22 do concello de Muras, estímase que procede considerar que concorre o suposto de renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC, co fin de evitar que o dito

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	18/58





Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

1) Que se teña por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa aos investimentos incluídos no "PUCC22" que se indican no cadro:

Nº	Denominación	Importe
R	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA DRENAXE NA PARROQUIA DE A BALSA, INCLUIDO HONORARIOS	7.073,39 €
R	SUBMINISTRO DE PEGATINAS PARA CONTENEDORES	1.849,70 €

2) Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Muras e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3) Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.

É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Ter por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa aos investimentos incluídos no "PUCC22" que se indican no cadro:

Nº	Denominación	Importe
R	ACTUACIÓNS DE MELLORA DA DRENAXE NA PARROQUIA DE A BALSA, INCLUIDO HONORARIOS	7.073,39 €
R	SUBMINISTRO DE PEGATINAS PARA CONTENEDORES	1.849,70 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Muras e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.


3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia do Concello de Triacastela e a declarar concluso o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	19/58



“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, Unidade de Obras e Plans, que se refire ao investimento do concello de Triacastela indicado a continuación e que dispón o seguinte:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DA RASELA	3.595,78 €

“Antecedentes:

1. Na sesión ordinaria do 28/12/2021 o Pleno provincial acordou a aprobación das BPUCC22, que foron publicadas no BOP Nº 006 de data 10/01/2022. O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 05/04/2022, acordou prestar aprobación ao PUCC22.

Mediante Decreto de data 14/07/2023, con CSV IV70G6YD3DW6YVN5U5QTIP2774 a Presidencia da Deputación resolveu aprobar a solicitude do concello de Triacastela para a aplicación de remanentes, resultando a inclusión no PUCC22 do seguinte investimento:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DA RASELA	3.595,78 €

2. Tendo en conta a documentación que obra no expediente, así como o indicado na Base 7 BPUCC22, constátase que o concello de Triacastela non presentou solicitude de anticipo con dispensa de garantía, polo que non consta abono de anticipo para este investimento, por parte da Deputación.

3. As bases 15.1 “Aforros producidos ou baixas” e 17.2 “Conta xustificativa” das BPUCC22, indican como data límite no prazo para xustificar todos os investimentos financiados con cargo ao PUCC22, dous meses contados dende a data de finalización da dita obra/investimento, acotando a data tope no 15/11/2023.


Consideracións xurídicas:

4. Como consecuencia do incumprimento desta obriga por parte do Concello resulta de aplicación a DA cuarta BPUCC22: “Transcorrido o prazo de xustificación establecido nas bases, sen ter presentado a correspondente conta xustificativa, entenderase que o Concello renuncia á achega”.

Con data 01/12/2023 e RS 2023RPS017149, o Servizo de Contratación e Fomento desta Deputación require ao concello de Triacastela para que no prazo improrrogable de 15 días renda a conta xustificativa da axuda integrada no PUCC22.

Con data 05/12/2023 e RE 2023RT018534 o concello de Triacastela achega escrito no que indica o seguinte: “Que a entidade que represento non desenvolveu o investimento referenciado de acordo co esixido nas Bases Reguladoras do Plan

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	20/58





Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, por non ter as autorizacións necesarias en tempo”.

Como consecuencia, na data actual non consta nesta Deputación documentación relativa á conta xustificativa do investimento de referencia, polo que procede a tramitación do expediente relativo á renuncia á dita achega.

A concorrencia ao PUCC22, determina a aceptación integra das BPUCC22, a entrega dineraria aos concellos vincúlase ao cumprimento dun fin concreto nos termos das Bases.

5. O artigo 84.1 Lei do Procedemento Administrativo Común establece: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Así mesmo o artigo 94 LPAC sinala os efectos da renuncia: “A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.”


Por tanto consta acreditado que o Concello non ten rendida conta xustificativa da axuda de referencia dentro do prazo estipulado nas ditas Bases. Consta así mesmo que a concorrencia ao PUCC22 determina a aceptación integra das BPUCC22. Deste xeito, a consecuencia do incumprimento é considerar que se produce a renuncia á axuda integrada no PUCC22 do concello de Triacastela, por aplicación do establecido na DA cuarta das BPUCC22, coñecida previamente polo interesado e publicada no BOP de Lugo e, ademais, non prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

6. A base 18 BPUCC22 establece que “Os concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”. Polo que o Órgano competente para aceptar a renuncia da axuda integrada no PUCC22 corresponde á Xunta de Goberno da Deputación.

Conclusión:

En cumprimento co establecido nas BPUCC22, a xuízo da informante e á vista do expediente relativo á axuda integrada no PUCC22 do concello de Triacastela, estíbase que procede considerar que concorre o suposto de renuncia á axuda indicada no seguinte punto 1), cos efectos que establece o artigo 94 LPAC, co fin de evitar que o dito Concello poda incorrer nalgunha das responsabilidades previstas na LXS, polo que infórmase favorablemente:

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	21/58



1) Que se teña por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa ao investimento incluído no "PUCC22" que se indica no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DA RASELA	3.595,78 €

2) Que se declare concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Triacastela e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3) Que se notifique o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores.
É canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente ao indicado investimento e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Ter por formulada a renuncia aceptando a mesma respecto da axuda relativa ao investimento incluído no "PUCC22" que se indica no cadro:

NÚMERO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
R	MELLORA DA PAVIMENTACION DO CAMIÑO DA RASELA	3.595,78 €

2º.- Declarar concluso o procedemento inherente á devandita axuda integrada no PUCC22, para o concello de Triacastela e polo obxecto e importe que figura no apartado anterior.

3º.- Notificar o acordo do organismo provincial relativo á aceptación da renuncia á que se refiren os parágrafos anteriores."


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional plurianual a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á Fundación agroalimentaria gallega para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación "Impulso FAGA" nas anualidades 2024 e 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	22/58





“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Fundación Agroalimentaria Gallega, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Impulso FAGA” polo importe de 175.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:


1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2024.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 12.01.2024, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2023 - 2025 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 20.01.2023, na liña 4.1.c): Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2024, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Impulso FAGA”. Esta actuación consiste no impulso da actividade da Fundación a través de contratación dunha persoa con un perfil técnico cuxas tarefas consistiran en dotar de maior relevancia, presenza pública, utilidade e posta en marcha dun plan de formación especializado en diferentes materias de

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	23/58



interese para o sector agroalimentario na procura de fortalecer un dos sectores tractores na economía e no mercado laboral da nosa provincia.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención de carácter excepcional plurianual, por importe de 175.000 €, a favor da entidade “Fundación Agroalimentaria Gallega” para sufragar gastos derivados da actuación “Impulso FAGA” nas anualidades 2024 e 2025, subvención incluída na liña 4.1.c que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2024	Ano 2025
71.000€	104.000€

2º.- Aprobar o gasto plurianual por importe de 175.000 €, a favor da entidade Fundación Agroalimentaria Gallega, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Impulso FAGA” para as anualidades 2024 e 2025, dos que 71.000 € serán con cargo á aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024 para sufragar os gastos da anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento de ano 2025 a cantidade de 104.000 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2025), tendo en conta que se trata de un gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.


3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Fundación Agroalimentaria Gallega, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Impulso FAGA” nas anualidades 2024 e 2025.

Interveñen.

Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	24/58





E doutra parte, Jaime Luis López Vázquez con DNI ***2967**, na súa condición de Secretario Xeral, actúa en nome e representación da entidade Fundación Agroalimentaria Gallega, en adiante beneficiaria, con NIF G42911156, e con sede social en Praza de Santo Domingo, nº 6 porta B, 27001 Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2024 do vixente Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024, aprobado o 12 de xaneiro de 2024 pola Xunta de Goberno, prevese na Liña 4.1 – Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para mellorar os indicadores de actividade económica da provincia de Lugo, tales coma reducir a taxa de desemprego, promover actuacións que supoñan un aumento nas taxas de actividade en sectores con alto potencial, fomentar o emprendemento, promover o consumo e a colaboración e cooperación entre os distintos axentes sociais para crear un provincia forte, estruturada e cohesionada.


Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico do fomento do emprego, a través de accións destinadas a mellorar a cualificación e a capacidade dos traballadores, e a adecuación aos novos empregos que xorden dos nichos de mercado en sectores emerxentes. Así como, o fomento do emprego de calidade, mediante a mellora das condicións de empregabilidade, en aras da dignificación profesional e á redución da temporalidade e da taxa de desemprego no mercado de traballo da provincia, dignificación de profesións desvirtuadas e accións dirixidas a fixar talento nos territorios.

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de , aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 175.000 €, a favor da beneficiaria, Fundación Agroalimentaria Gallega co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Impulso FAGA”, nas anualidades do 2024 e 2025.

Año 2024: 71.000 €

Año 2025: 104.000 €

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	25/58



Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio, na anualidade 2024 na aplicación orzamentaria 2410.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 71.000 €.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 a cantidade de 104.000 €, para sufragar os gastos á anualidade 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Cuarto.- A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.


O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Impulso FAGA", nas anualidades 2024 e 2025. Esta actuación consiste no impulso da actividade da Fundación a través de contratación dunha persoa con un perfil técnico cuxas tarefas consistiran en dotar de maior relevancia, presenza pública, utilidade e posta en marcha dun plan de formación especializado en diferentes materias de interese para o sector agroalimentario na procura de fortalecer un dos sectores tractores na economía e no mercado laboral da nosa provincia.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 185.018,15 €, imputándose o importe de 75.420,49 € na anualidade 2024 e 109.597,66 € na anualidade 2025.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	26/58





Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación.

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 175.000 €, distribuídos en 71.000 € na anualidade 2024 e 104.000 € na anualidade 2025, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Da Beneficiaria.

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.

Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.


Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	27/58



A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas coa beneficiaria.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.


A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	28/58





novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.

A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.

O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o ata o 31 de marzo de 2025 para a anualidade 2024 e ata o 31 de marzo de 2026 para a anualidade 2025.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao/á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).


De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do último semestre do ano 2024 e no 2025.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	29/58



Os gastos subvencionables da anualidade 2024 abarcan os gastos executados do 1 de xullo ao 31 de decembro de 2024.

Os gastos subvencionables da anualidade 2025 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os Anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.

Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.


No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	30/58





Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.


Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	31/58



A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- EN servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.


O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	32/58





c. Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.

d. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.

e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

f. Incumplimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

g. Incumplimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

h. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

i. Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.


Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumplimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	33/58



Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:


EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRIPCIÓN
SECTOR ECONÓMICO	01.6	Actividades de apoio a agricultura, a gandaría e de preparación posterior a colleita
FINALIDADE	18	Outras actuacións de carácter económico
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se preveza modificación algunha desta situación.
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contra-prestación.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	34/58





Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xullo de 2024, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa da anualidade 2025 e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A conta xustificativa da anualidade 2024 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2025, e aboada na data límite do 31 de xaneiro de 2026.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.


O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerese ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	35/58



Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.


A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total de cada anualidade subvencionada, é dicir, 35.500 € para a anualidade 2024 e 52.000 € para a anualidade 2025, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. O anticipo da anualidade 2025 non poderán ser tramitados ata que a Entidade beneficiaria teña presentada e fora aprobada a xustificación correspondente á anualidade previa.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiaria cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	36/58





eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitud de anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitud achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitud da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 11 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional plurianual a outorgar pola Excm. Deputación Provincial de Lugo á “Confederación empresarial de la provincia de Lugo”, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Centro de apoio estratéxico á empresa de Lugo (CaEeL)” nas anualidades 2024 e 2025.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo,

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	37/58



co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)” polo importe de 180.000 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:


1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2024.
4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.
5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.
6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2024, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 12.01.2024, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2023 - 2025 (PES), aprobado por acordo da Xunta de Goberno o 20.01.2023, na liña 4.1.c): Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2024, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)”. Esta actuación consiste na posta en marcha dun centro de apoio ás empresas de Lugo, cunha primeira liña de traballo que sería a de investigación e estatística, a fin de facilitar vía estudo de situación o coñecemento do entorno específico das empresa lucenses e así apoialas na toma de decisións, unha segunda liña dirixida á mellora da súa internacionalización e unha terceira liña de asesoramento, información, difusión

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	38/58





e sensibilización en novas cuestións normativas que xorden e que supoñen especiais dificultades para empresas de pequeno tamaño.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 180.000 €, a favor da entidade Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo para sufragar gastos derivados da actuación “Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)” nas anualidades 2024 e 2025, subvención incluída na liña 4.1.c que leva por título Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Ano 2024	Ano 2025
90.000€	90.000€

2º.- Aprobar o gasto plurianual por importe de 180.000 €, a favor da entidade Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)” para as anualidades 2024 e 2025, dos que 90.000 € serán con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2024 para sufragar os gastos da anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento de ano 2025 a cantidade de 90.000 € (para sufragar os gastos a imputar á anualidade do 2025), tendo en conta que se trata de un gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.


3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se recolle a continuación:

Convenio canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade “Confederación empresarial de la provincia de Lugo”, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Centro de apoio estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)” nas anualidades 2024 e 2025.

Interveñen.

Dunha parte, José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	39/58



representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E doutra parte, Jaime Luis López Vázquez con DNI ***2967**, na súa condición de Secretario Xeral, actúa en nome e representación da entidade Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, en adiante beneficiaria, con NIF G27019793, e con sede social en Praza de Santo Domingo, nº 6, 27001 Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Actúa José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:

Manifestan.

Primeiro.- Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025, aprobado pola Xunta de Goberno o 20 de xaneiro de 2023, así como no apartado c) de actuacións específicas previsibles para este exercicio económico 2024 do vixente Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2024, aprobado o 12 de xaneiro de 2024 pola Xunta de Goberno, prevese na Liña 4.1 – Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social – Emprego, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para mellorar os indicadores de actividade económica da provincia de Lugo, tales coma reducir a taxa de desemprego, promover actuacións que supoñan un aumento nas taxas de actividade en sectores con alto potencial, fomentar o emprendemento, promover o consumo e a colaboración e cooperación entre os distintos axentes sociais para crear un provincia forte, estruturada e cohesionada.


Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, o obxectivo específico da mellora da competitividade empresarial para consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e que xere desenvolvemento sustentable e dinamice o mercado laboral no territorio. Así como, a xeración dun tecido empresarial sólido no que se asentem as bases do futuro da provincia.

Segundo.- Que por acordo da Xunta de Goberno, de data de de , aprobose o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 180.000 €, a favor da beneficiaria Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)”, nas anualidades do 2024 e 2025.

Ano 2024: 90.000 €

Ano 2025: 90.000 €

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	40/58





Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio, na anualidade 2024 na aplicación orzamentaria 4330.48911 do vixente Orzamento Xeral da Deputación, por importe de 90.000 €.

A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2025 a cantidade de 90.000 €, para sufragar os gastos á anualidade 2025, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto.- A beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Quinto.- A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto do convenio.


O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación "Centro de Apoio Estratéxico á empresa de Lugo (CaEel)", nas anualidades 2024 e 2025. Esta actuación consiste na posta en marcha dun centro de apoio ás empresas de Lugo, cunha primeira liña de traballo que sería a de investigación e estatística, a fin de facilitar vía estudo de situación o coñecemento do entorno específico das empresa lucenses e así apoialas na toma de decisións, unha segunda liña dirixida á mellora da súa internacionalización e unha terceira liña de asesoramento, información, difusión e sensibilización en novas cuestións normativas que xurden e que supoñen especiais dificultades para empresas de pequeno tamaño.

Non sendo un gasto imputable a axuda concedida pola Deputación a partida orzamentaria denominada: Comida institucional.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados pola beneficiaria da subvención, á cantidade total de 189.776,08 €, imputándose o importe de 94.736,84 € á anualidade 2024 e 95.039,24 € a anualidade 2025.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	41/58



A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.

Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 180.000 €, distribuídos en 90.000 € en cada unha das dúas anualidades 2024 e 2025, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Da Beneficiaria:

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.

Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.

Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiaria.


Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	42/58





Cuarta.- Subcontratación.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal da beneficiaria, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

A beneficiaria poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:

Que o contrato se celebre por escrito.

Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

A beneficiaria será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

A beneficiaria da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.
2. Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.
4. Que estean vinculadas coa beneficiaria.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.


No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada coa beneficiaria deberá cumprirse o seguinte:

- a. Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b. Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), a beneficiaria será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	43/58



Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte da beneficiaria.

A beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, a beneficiaria desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.


O prazo inicialmente previsto para que a beneficiaria remita a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca ata o 31 de marzo de 2025 para a anualidade 2024 e ata o 31 de marzo de 2026 para a anualidade 2025.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao/á beneficiaria a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo (tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta).

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que a beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.

Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que a beneficiaria sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	44/58





Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2024 e 2025.

Os gastos subvencionables da anualidade 2024 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.

Os gastos subvencionables da anualidade 2025 abarcan os gastos executados do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

Cando a beneficiaria da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.

A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte da beneficiaria, da seguinte documentación debidamente asinada (os Anexos están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electrónicamente):

Anexo I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos.


Anexo II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Anexo III. Declaración conxunta

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	45/58



outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.


A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	46/58





polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen IVE- en obras)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.


O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.

Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que a beneficiaria ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	47/58



- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c. Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
- d. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
- e. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g. Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás beneficiarias, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h. A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
- i. Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento pola beneficiaria se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.

Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.

O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	48/58





seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social da beneficiaria, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo, infórmase á beneficiaria desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:


EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	94.1	Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais
FINALIDADE	4	Outras prestacións económicas
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación algunha desta situación.
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <http://www.deputacionlugo.gal/subvencions>.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.

A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, a beneficiaria poida percibir para a mesma finalidade,

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	49/58



procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.

Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.

A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2024, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa da anualidade 2025 e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2027, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A conta xustificativa da anualidade 2024 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2025, e aboada na data límite do 31 de xaneiro de 2026.

Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.


O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban á beneficiaria, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	50/58





Décimo sexta.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerese ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polas beneficiarias das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia pola beneficiaria das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.

As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Cláusulas adicionais.


Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total de cada anualidade subvencionada, é dicir, 45.000 € en cada unha das dúas anualidades 2024 e 2025, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. O anticipo da anualidade 2025 non poderán ser tramitado ata que a Entidade beneficiaria teña presentada e fora aprobada a xustificación correspondente á anualidade previa.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	51/58



motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.

O centro xestor deberá adxuntar, á documentación remitida pola entidade beneficiaria, copia do Anexo I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.


E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS, ANUALIDADE 2024: ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	52/58





“Tendo en conta que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión celebrada o vinte e dous de marzo de dous mil vinte e catro, aprobou as bases da convocatoria da concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2024, cuxo extracto se publicou no BOP número 086 do sábado 13 de abril de 2024. E que así mesmo, por acordo da mesma Xunta de Goberno se lles prestou aprobación aos modelos de solicitude.

Á vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o dous de agosto de dous mil vinte e catro, aprobou o acordo de concesión provisional de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2024, acordo provisional publicado no BOP N.º 185, do sábado, 10 de agosto de 2024, establecendo un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do acordo no BOP de Lugo, para que os/as interesados puidesen presentar alegacións.

Tendo en conta que constan alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional e que de acordo co previsto na base Décima.- Acordos de concesión e notificacións, no caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de concesión definitiva, previa fiscalización, na que se expresará a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes. e que en base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

Á vista de que con data 20 de setembro de 2024 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de concesión provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e circunstancias expostas e en base aos argumentos e análises efectuadas e que constan na respectiva acta á que se anexa listaxes co cadro de puntuacións de acordo aos criterios de determinación do importe do premio reflectidos na base 3 das bases da convocatoria.


Á vista do informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Intervención.

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Avaliación;

1º.- Estimar a alegación formulada por don Antonio Fernández Valcárcel con DNI ***3677** en expediente 2024/PES_03/016475 e número de rexistro 2024RPE014866 de data 16/08/2024, unha vez realizada a revisión de expedientes e

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	53/58




á vista do informe remitido pola Federación Galega de Automobilismo e detectadas incorreccións nas atribucións de resultados federativos de determinadas certificacións emitidas pola referida federación no trámite de solicitudes e quedar acreditado por tanto que nos casos referenciados no informe da FGA asinado polo Secretario da Federación Galega de Automobilismo de data 28 de agosto de 2024 se trataría de resultados de categoría “copiloto”, e en consecuencia proceder a realizar a nova atribución de premios e importes de acordo ás previsións recollidas nas bases da convocatoria.

2º.- Estimar as alegacións realizadas por don Luis Sanfiz Pérez con DNI ***4687**, en expediente 2024/PES_03/016481 e número de rexistro 2024RPE014875, de data 16/08/2024 e expediente 2024/PES_03/016482, de número de rexistro 2024RPE014876 e data 16/08/2024, e en consecuencia á vista das circunstancias expostas por non se ter atendido a solicitude formulada en tempo e forma, das alegacións formuladas e do informe da FGA asinado polo Secretario da Federación Galega de Automobilismo de data 28 de agosto de 2024, solicitado polo servizo de Deportes, proceder a realizar a nova atribución de premios e importes de acordo ás previsións recollidas nas bases da convocatoria.

3º.- Estimar a alegación formulada por don Pedro Reija Díaz con DNI ***4187** en expediente 2024/PES_03/016483 e número de rexistro 2024RPE014877 de data 16/08/2024, de acordo ao seu contido e á incidencia do resto de alegacións presentadas, e en consecuencia á vista das referidas alegacións e das determinacións do informe da FGA asinado polo Secretario da Federación Galega de Automobilismo de data 28 de agosto de 2024, proceder a realizar a nova atribución de premios e importes de acordo ás previsións recollidas nas bases da convocatoria.

4º.- Desestimar a alegación formulada por don Antonio Fernández Basanta, con DNI ***9291** en expediente 2024/PES_03/016600, de data 20/08/2024 e número de rexistro 2024RPE014982, tendo en conta que o obxecto da convocatoria (...) é a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de premios, anualidade 2024, destinados a deportistas individuais (pilotos) da disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas(...), o informe da Federación Galega de Automobilismo respecto das prescricións federativas de definición de “piloto” e “copiloto”, e por quedar acreditado no trámite de valoración de méritos deportivos, -de acordo ao respectivo certificado federativo-, que os resultados deportivos do deportista don Antonio Fernández Basanta, se corresponderían coa categoría “copiloto”, determinada ao abeiro do informe da FGA asinado polo Secretario da Federación Galega de Automobilismo de data 28 de agosto de 2024 como categoría individualizada e diferenciada como “a persoa que participa nunha proba automobilística formando equipo co piloto”, circunstancia, que en aplicación das bases da convocatoria, acreditaría a desestimación da solicitude. E así mesmo, por considerar que dado o contido e obxecto da alegación, o momento procedemental pertinente será o réxime de recursos previstos expresamente na base Décimo sétima, a presentar contra o acordo

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	54/58





de aprobación das referidas bases e os seus anexos, acordo que pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabería interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno ou o respectivo recurso contencioso-administrativo.

5º.- Aprobar á corrección de erro material producido no respectivo cadro de indicacións de causa de desestimación do solicitante don Antonio Fernández Basanta, con DNI ***9291**, e en consecuencia no cadro de indicación da causa de desestimación do solicitante don David Franco Sancosmed, con DNI ***6014**detectado na listaxe de acordo de concesión provisional unha vez realizada a publicación no BOP N.º 185, do sábado, 10 de agosto de 2024, por intercambio dos respectivos cadros.

E en consecuencia, onde di:

ANTONIO FERNANDEZ BASANTA	2024/PES_03/008456	***9291**	BASE 2B Requisitos deportivos (categoría slalom excluída)
DAVID FRANCO SANCOSMED	2024/PES_03/008614	***6014**	BASE 2B Requisitos deportivos (certificación federativa: COPILOTO)

Debe dicir:

ANTONIO FERNANDEZ BASANTA	2024/PES_03/008456	***9291**	BASE 2B Requisitos deportivos (certificación federativa: COPILOTO)
DAVID FRANCO SANCOSMED	2024/PES_03/008614	***6014**	BASE 2B Requisitos deportivos (categoría slalom excluída)

6º.- Aprobar a concesión definitiva de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, anualidade 2024, na que se expresa a/o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de premios e a súa contía, e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes, de acordo ao informe da comisión de avaliación das alegacións formuladas e aos criterios de valoración e contías máximas e mínimas previstos nas bases da convocatoria, segundo as especificacións e puntuacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

7º.- Notificar o presente acordo de concesión definitiva, de acordo ao previsto nas bases da convocatoria e ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o referido acordo tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	55/58



8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DUNHA ENTIDADE Á PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2024).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito D. José Fernández Pérez con DNI ***4765**, en representación da entidade Asociación de Veciños de Vilar Vilaxuste con NIF G27454503 o 24/09/2024 (2024/PES_03/018113), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 26 de setembro de 2024).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024), aprobadas en Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2024 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 08 de maio de 2024.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 31 de maio de 2024 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 03 de xuño de 2024.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


Estimar a renuncia da Asociación de Veciños de Vilar Vilaxuste con NIF G27454503 para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2024) e perder o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAI DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAI, ANO 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 13 de decembro de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 289, do 19 de decembro de 2023, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	56/58





de investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais, ano 2023; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Entidade	Subvención
OUTONIA S. COOP. GALEGA XUVENIL	1.068,00

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xullo de 2023, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 064 do 18 de marzo de 2023, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta da Vicepresidencia, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
Asociación Deportiva Rego do Lobo	Ciclismo	1.000 euros
Club Deport. Centro Deportivo D10	Torneo Nacional de Tenis D10	674,00 euros


11.- COMPARENCIA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 235/2024-P.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 0000235/2024-P polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 0000235/2024-P seguido a instancia de D. Francisco Manuel Lorenzo Gayoso fronte aos seguintes actos administrativos:

“Desestimación por silencio de la reclamación de responsabilidad patrimonial formulada por el recurrente el 26 de septiembre de 2023 por los daños ocasionados

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	57/58



en el vehículo camión rígido marca IVECO matrícula 4618GXZ por colisión con la rama de un árbol que invadía la carretera titular de la demandada”

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dación de conta da sentenza nº 95/2023.

Dase conta da sentenza nº 95/2023, de 30 de xuño de 2023, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no procedemento abreviado nº 266/2022, seguido a instancias do Concello de Antas de Ulla fronte a resolución da Presidencia da Deputación de Lugo na que se impón a dito Concello a unha sanción de 15.000 euros por infracción moi grave segundo a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo declarar y declaro inadmisibile el recurso contencioso- administrativo interposto por la representación procesal del Excmo. Concello de Antas de Ulla frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 266/2022 ante este Juzgado, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta sentencia, que la confirmo, declarándola ajustada al ordenamiento jurídico”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Fecha y Hora	01/10/2024 13:29:25
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U2PROHLWP7OGY7RVECBQDIE	Página	58/58

